



*Caricatura de Santy.*

**AFONSO VÁZQUEZ-MONXARDÍN**

Ourense, 1960

Estudou as especialidades de Prehistoria e Arqueoloxía, Xeografía, historia e arte de Galicia e

Arquivística e biblioteconomía en Santiago de Compostela. Dedicado á docencia de lingua e literatura galega desde 1984 é na actualidade catedrático desta materia no IES As Lagoas de Ourense. Membro da Fundación Otero Pedrayo e inicia-

dor do Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega, ten editado varios discursos de Don Ramón en soporte sonoro e participando na recuperación e difusión de variada documentación oteriana.



# ACHEGA BIOGRÁFICA A RAMÓN OTERO PEDRAYO

Afonso Vázquez-Monxardín

**R**amón Otero Pedrayo naceu en Ourense o 5 de marzo de 1888. Foi único fillo de Dona Eladia Pedrayo Ansoar -con quen estaría especialmente unido ó longo da súa vida e que morreu case centenaria- e de Don Enrique Otero Sotelo, médico que exerceu xenerosamente a súa profesión desde a Casa de Trasalba, ó longo dos Chaos de Amoeiro, ata a súa temperá morte, en 1904.

O neno Ramón Otero criouse no seo dunha familia liberal e culta. O seu avó materno era avogado de prestixio na cidade e o paterno militar esparterista desterrado a Barbantes desde o seu Lugo natal. Seu pai fora defendera a Curros fronte ás inquinas da reacción conservadora local e a súa casa -sobre todo a de Ourense, na Rúa da Paz- era centro de tertulias pola que pasaron a Pardo Bazán e outras destacadas figuras da intelectualidade galega do solpor do XIX.

Otero naceu nunha rúa que era daquela o centro do paseo dos señores na cidade e ó lado do Teatro Principal, núcleo da actividade cultural dunha urbe de forte fasquía rural que contaba daquela con pouco máis de dez mil habitantes. Na súa mesma casa, no primeiro, naceu e medrou Vicente Martínez-Risco, compañeiro de xogos infantís cando neno, e posteriormente obxecto de amizade e mútua influencia intelectual ó longo das súas dilatadas vidas.

Ramón cursou o bacharelato no Instituto de Ourense que hoxe leva o seu nome -no Xardín do Posío- e trala ceda morte de seu pai e dunha viaxe ás terras do Mar do Norte en 1905, achégase a Compostela para para facer un curso preparatorio de acceso á Universidade. Axíña marcha a Madrid para segui-los estudos de Dereito e Filosofía e Letras. Na capital española, onde el acudira devecen-



*A nai de Don Ramón.*



*Don Ramón de mozo.*

te por acadar unha definición e formación intelectual conforme ós tempos, le tan intensa como asistemáticamente obras de xeografía, historia, filosofía e literatura. As lecturas literarias que máis cobizan ó noso autor son as de Baudelaire, Verlaine, Balzac, Stendhal e Chateaubriand. Desencantado dunha Universidade que non lle di moito, refúxiase na biblioteca do Ateneo. Esta etapa de tanteos e indecisións sobre o futuro intelectual e o seu compromiso co mundo exterior, sería maxistralmente recreada na súa novela iniciática “Arredor de si” (1930).

De volta en Ourense en 1911 intégrase no grupo dos “Inadaptados” no que participan tamén Vicente Risco e Florentino Cuevillas. Os tres amigos habían seguir evolucións intelectuais semellantes, traballando en empresas colectivas como o “Ateneo” ou a revista “La Centuria” e pasando dun acentuado individualismo antisocial a un compromiso galeguista na súa etapa de

madurez. Sen embargo dentro dunha identidade global conservadora e culturalista, tamén se poden reconecer matices importantes. O que para Risco fora unha reviravolta intelectual, para Otero converteuse nunha descuberta case dolorosa. Risco achégase desde o problema antropolóxico dunha cultura devecente e Otero desde a conciencia e saudade pola descomposición do sistema social tradicional. Castelao e outras persoas que coinciden xeracionalmente co grupo ourensán –ó que cinguimos en puridade o nome de Grupo Nós– hase achegar ó galeguismo desde a asunción dos problemas sociais que padece a Galicia popular –loitas agrarias e emigración, principalmente– no momento en que a nova sociedade se espalla cos ventos do século XX, e desde a conciencia da necesidade dun poder galego para a resolución dos mesmos.

A evolución deste grupo xeracional desde o esteticismo evasivo dos anos mozos ó compromiso galeguista



*Don Ramón na praia.*



ten na amizade de Antón Lousada Diéguez o seu desencadeante principal. Lousada, señorito con Pazo en Moldes, na Terra do Carballiño, intelectual conservador e católico, descóbrelle-las posibilidades de compromiso co país a través da actividade das Irmandades da Fala, das que inicialmente estaban afastadas. No seo das Irmandades Otero non ocupará postos destacados; haberá que esperar case ó advenimento da República para a súa participación intensiva.

No ano 1919 aproba as cátedras de Xeografía e Historia de Ensino Medio e é destinado a Burgos e logo a Santander onde coñeceu á que sería desde 1923 a súa muller, Josefina Bustamente Muñoz, "Fita". Volve definitivamente a Ourense en 1921 e incrementa o seu compromiso cultural a través da revista *Nós* (1920-1936) e da súa incorporación ó Seminario de Estudos Galegos en 1923.

Coa chegada da II República consegue acta de deputado por Ourense cun coxuntural Partido Nacionalista Republicano que axiña se ha integrar, xunto con outras forzas locais, no Partido Galeguista. Desde o seu escano nas Cortes de 1931 defenderá a fórmula federal para o Estado e a confesionalidade do mesmo. Otero foi máis un intelectual que nun momento da súa vida asumiu tamén un compromiso político organizado ca un político vocacional. A súa ideoloxía xiraba ó redor dun fondo catolicismo que, tinxindo as antigas esencias célticas, estaría nas raíces da formación da personalidade de Galicia. Esa identidade estaría indisolublemente ligada a unha sociedade tradicional, moi idealizada, con señores e campesinos vivindo en harmonía coa natureza, e con cidades, como Santiago, enraizadas tamén na vida

religiosa e na sociedade estamental. O temor pois de Otero ó novo mundo urbano e comercial do século XX vén da súa convicción de que serviría para afastar a Galicia da súa esencia tradicional e, daquela, da súa personalidade histórica.

O principal da súa obra literaria foi escrito entre a segunda metade da década dos vinte e a primeira dos trinta. Otero, lector ávido de clásicos e novidades, non tivo présa por enfrontarse á creación, pero cando o fixo, ó redor dos corenta anos, xa se iniciou como un escritor formado, sen período de desculpas, achegas e indecisións. Desta época son tanto as súas narracións habitualmente denominadas realistas, pola recreación do solpor das vivencias ou soños do mundo campesino tradicional *Pantelas home libre* (1925), *Os camiños da vida* (1928), *Contos do camiño e da rúa* (1932), *O mesón dos ermos* (1936), como as sinaladas como culturalistas, sexan de asunto contemporáneo *Escrito na néboa* (1927), *Arredor de si* (1930) *Devalar* (1935) sexan de asunto histórico *A romeiría de Xelmírez* (1934), *Fra Vernerio* (1934). Pero Otero, escritor absolutamente prolífico, aínda tivo tempo, antes da guerra, de escribir diversas pezas dramáticas como *A lagarada* (1929) ou narracións como *O purgatorio de Don Ramiro* (1926) *Vidas non paralelas* (1930), combinando esta actividade coa publicación de centos



Don Ramón coa súa nai e a súa dona.

de artigos de prensa e revistas sobre historia, xeografía, biografías, á parte de varias destacadas monografías, como a *Guía de Galicia* (1926), *Pelerinaxes* (1929), *Ensayo histórico sobre la cultura gallega* (1933) e algúns libros de texto.

Ó pouco de estoura-la Guerra Civil é deposto da súa Cátedra de Xeografía e Historia no Instituto de Ourense. Gracias á Casa de Trasalba onde o capital chega para manter ó seu pequeno núcleo familiar –a súa nai, a súa muller e el mesmo– pode permitirse unha retirada momentánea da vida pública. O catolicismo e conservadurismo do grupo galeguista ourensán fará que, aínda con problemas, poidan sobrevivir a aquela grande traxedia colectiva. A súa casa de Trasalba hase converter nun refuxio espiritual do galeguismo interior, e transfórmase, el mesmo, nun símbolo vivo das ansias de restauración cultural, recibindo daquela o alcume de “Patriarca das Letras Galegas”.

Otero, escritor total, seguirá colaborando en prensa e elaborando a súa obra en castelán. Publica *Las palmas del convento* (1941), *Adolescencia* (1944), unha *Guía de Santiago de Compostela* (1943) ata que, pouco e pouco volverá a escribir en lingua galega. Creará obra teatral, *O desengano do prioro* (1952), *Rosalía* (manuscrito de 1959 pero editada en 1985), *Traxicomedia da noite de Santos* (1960), *Teatro de máscaras* (manuscrito de 1934 editado en 1975), *O fidalgo e a noite* (manuscrito de 1970 editado en 1979), *Noite compostelá* (1973), e continuará a narrativa na liña vivencial da sociedade tradicional que amosara na preguerra: *Entre a vendima e a castañeira* (1957), *O señorito da Reboraina* (1960) ou *O maroutallo* (1975). Sen embargo, as súas aportacións principais serán no mundo do ensaio, tanto de investigación histórica, xénero que tratará con asiduidade, como no dunhas difusas memorias. Neste campo, salienta *Por os vieiros da saudade* (1952) –lembanza da súa visita a América en 1947 nunha viaxe que supón o reencontro do galeguismo exiliado en Bos Aires, personificado na figura de Castelao, coas forzas do interior– e *O libro dos amigos* (1953), verdadeiro devocionario particular construído sobre as lembranzas das persoas que máis significaron no seu devir humano.

Nesta época publica tamén dúas guías co título de *Ourense*; unha coa editorial Everest en 1969, outra con Bibliófilos Gallegos, en 1973. Ademais con idéntico título é publicado pola Caixa de Aforros de Ourense en 1966 un libro no que Otero escribe os textos literarios que acompañan a uns fermosos debuxos dun Xaime Quessada aínda mozo.

Otero que sempre se negou a solicitar o reingreso no corpo de Catedráticos de Bacharelato– pois era consciente de que nunca el solicitara a baixa– impartiu de novo clases no Instituto do Xardín desde 1948 a 1950, ano no que opositou triunfalmente á Cátedra de Xeografía da Universidade de Santiago e onde cesou oito anos despois ó se xubilar. Estas vivencias universitarias, da época máis feliz da súa vida, como adoitaba denominar a esta etapa de madurez santiaguesa, contribuirán a reafirmar a súa amada Compostela entre os tres lugares da súa xeografía humana esencial –xunto con Trasalba e Ourense– e serán obxecto dun fermoso ensaio sentimental *O espello na serán* (1966).



Nese ano 1950 converterase en Presidente da Editorial Galaxia, transmutación do galeguismo político da preguerra adaptándose ás posibilidades de traballo, estrictamente culturais -unha outra forma de actividade política, aínda que indirecta- neses anos.

Desde finais dos anos corenta, Otero Pedrayo retomará a súa faceta de orador en lingua galega e participará, ata pouco antes da súa morte, en centos de actos públicos -conferencias, pregóns, discursos, homenaxes- ó longo de toda a xeografía de Galicia e dos núcleos da emigración que o reclaman. Sen dúbida nesta época é moito máis coñecido pola súa verba vizosa, vibrante e rica, e polos seus artigos en prensa -*La Región*, *La Noche*-, que por unha produción literaria da preguerra, moi difícil de atopar. Viaxeiro incansable visita Caracas en 1956 convidado pola colectividade galega para a inauguración dunha Casa de Galicia que en catro anos había converxer na actual Hermandad Gallega. En 1959 volve visitar de novo a Arxentina onde é acollido polo galeguismo bonaerense con extraordinaria calor humana e amosado orgullosamente á intelectualidade arxentina como o máximo valor da Galicia territorial. Froito desa especial relación coa emigración porteña será a dirección da monumental *Historia de Galicia*, proxecto de inicial vocación enciclopédica e do que finalmente saíron tres tomos entre 1962 e 1972 sobre historia, xeografía e antropoloxía.

Conscientes da súa transcendencia, mesmo simbólica, organízanselle varias homenaxes ó longo dos anos finais da súa vida. Entre outras salientemos tres: no ano 1958, ano da súa xubilación en Compostela, artéllanse homenaxes desde Galicia e Caracas, tamén en forma de libros colectivos. En 1968, con motivo do seu oitenta aniversario, xúntanse os amigos e autoridades no Hostal e celébrase a primeira misa en galego no altar maior da catedral compostelá. En 1975 os seus antigos alumnos xúntanse ó seu redor para agasallalo co libro *Teatro de máscaras* cando pasa por unha época especialmente dura, pois con oitenta e seis anos, acaba de perder á súa "Fita" despois de máis de cincuenta anos de matrimonio.

Pola galería da súa Casa de Trasalba ou pola súa casa da Rúa da Paz en Ourense pasarán nos anos seguintes novas promocións de intelectuais da Terra e da diáspora galega interesadas polo país. Otero, ata a súa



*Dando unha conferencia.*

morte en 1976, terá sempre unha verba ilusionada e optimista e un compromiso aberto de permanente colaboración con canta iniciativa permita desenvolver a idea dun futuro mellor e distinto para Galicia.

Otero morre o día 10 de abril de 1976. Dous días máis tarde celébrase un multitudinario e solemne funeral na catedral ourensá, con misa en galego e cánticos en latín, no que, baixo a presidencia do arcebispo de Compostela, participarán os bispos todos de Galicia. Un broche de ouro para unha vida de compromiso coa terra dun católico exemplar.

*Don Ramón enfermo.*

